

MEMORIA DA ALCALDÍA

EXPLICATIVA DO CONTIDO DO PROXECTO DE ORZAMENTO QUE AGORA SE PROPÓN PARA A SÚA APROBACIÓN E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA, EN RELACIÓN CO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2014.

En virtude do disposto no Artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL e AS SÚAS BASES DE EXECUCIÓN para o exercicio económico 2015, cuxo importe ascende a **3.215.381,50 €**, **un orzamento levemente superior ao do ano anterior nun importe de 18.421,58 €, baseado nunha contención do gasto corrente como nos exercizos anteriores e na inclusión de novas inversións e subvencións para o exercizo 2015**, tendo en conta o entorno de crise actual no que a estabilidade orzamentaria e a sostenibilidade financeira constitúen os principios fundamentais que deben rexir as actuacións das Admnsitracións Públicas e nese camiño a lexislación actual como é a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, obriga a unha política de contención do gasto das Administracións Públicas como é a Local non permitindo incrementos de gasto por riba da taxa de crecemento de referencia do Produto Interior Bruto e que cando se obteñan maiores ingresos dos previstos, éstos non se destinen a financiar novos gastos, senón que se destinen a unha menor apelación ao endebedamento.

Acompáñase ao orzamento, esta Memoria na que se explican os obxectivos e as liñas que se seguiron para a súa elaboración así como as modificacións máis salientables que experimenta en relación co orzamento de 2014, tal e como esixe o artigo 168.1 do R.D.Legislativo 2/2.004 de 5 de Marzo,

Antes de entrar na análise dos contidos do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento sinalar que no que se refire á estrutura do mesmo indicar que procedemos a aplicar a estrutura orzamentaria establecida na Orden HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modificou a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais que entra en vigor a partires do 1 de xaneiro de 2015.

Sinalar , igual que se fixo o ano anterior previamente á análise dos gastos conforme as finalidades dos mesmos, que en todas as áreas de gasto nas que existen empregados públicos; xa sexan persoal eventual, laboral fixo ou funcionario (Áreas de gasto 1,2,3 e 9), consígnanse as retribucións correspondentes conforme aos seus grupos/subgrupos ou grupos profesionais equivalentes (segundo o II convenio colectivo do persoal laboral), a súa antigüidade, segundo ao establecido no apartado segundo do artigo 20 do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que establece o seguinte:

“En el año 2015, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar ningún incremento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2014, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.”

Igualmente indicar, que segundo o establecido no apartado terceiro do artigo antes mencionado:

Tres. Durante el ejercicio 2015, las Administraciones, entidades y sociedades a que se refiere el apartado Uno de este artículo no podrán realizar aportaciones a planes de pensiones de empleo o contratos de seguro colectivos que incluyan la cobertura de la contingencia de jubilación. No obstante lo dispuesto en el párrafo anterior y siempre que no se produzca incremento de la masa salarial de la administración de referencia, en los términos que establece la presente Ley, las citadas Administraciones, entidades y sociedades podrán realizar contratos de seguro colectivo que incluyan la cobertura de contingencias distintas a la de jubilación. Asimismo, y siempre que no se produzca incremento de la masa salarial de dicha Administración, en los términos que establece la presente Ley, podrán realizar aportaciones a planes de pensiones de empleo o contratos de seguro colectivo que incluyan la cobertura de la contingencia de jubilación, siempre que los citados planes o contratos de seguro hubieran sido suscritos con anterioridad al 31 de diciembre de 2011.

Á vista do artigo, non se consigna crédito nas aplicacións orzamentarias correspondentes á financiación de aportación a plans de pensións dos empregados do Concello, xa que produciríase incremento da masa salarial.

Por último en materia de persoal sinalar que se consigna na aplicación orzamentaria 221.162.04, (ao igual que o ano anterior) "Acción social de empregados públicos"; unha cuantía de 2.000,00 €, xa que no "II Convenio Colectivo Regulador das Condicións de Emprego do Persoal Laboral do Concello de Ponte Caldelas", e no "I Acordo Regulador para o Persoal Funcionario do Concello de Ponte Caldelas", contéplase no artigo 46 e 47, do primeiro, e 43 e 44 do segundo, que se habilitará unha partida orzamentaria para a concesión de axudas de estudos a todos os empregados/as e aos seus fillos, así como para axudas sanitarias (dentarias e oculares), indícase no artigo 47 do primeiro e 45 do segundo, como disposicións comúns a ditas axudas, que anualmente será convocada a Mesa Xeral de Negociación para negociar o crédito máximo destinado no orzamento para estas axudas. Posteriormente á aprobación definitiva do orzamento deberase convocar Comisión Paritaria Mixta cada ano e recolleranse as bases reguladoras de ditas axudas, para seren aprobadas polos órganos de goberno do Concello (pendente de determinar).

Polo demais o proxecto de orzamento xeral deste Concello para o 2015 está marcado polos seguintes feitos básicos:

ESTADO DE GASTOS:

ÁREA DE GASTO 1: SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS (1.428.452,32 € fronte a 1.471.056,15 o ano anterior)

Comprende esta área todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os municipios, por si ou asociados, conforme aos artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

Para estes efectos, inclúense, nos termos que se expoñen para cada unha delas, catro políticas de gasto básicas: seguridade e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo,

benestar comunitario e medio ambiente, distínguense os grupos de programas seguintes no proxecto que se presenta.

1. **Seguridade e Orde Público:** recóllense gastos correspondentes ás retribucións e custo social do persoal para o Corpo de Policía Local e vixiante municipal, así como os gastos de vestuario estimándose en 1.000,00 €/axente/ano.

Dado que foron autorizadas comisións de servizos dos dous efectivos que compoñen o corpo policial do Concello, recibindo en comisión de servizos a outros dous policías doutro Concello, recóllense os salarios establecidos así como os trienios correspondentes de cada traballador.

Así mesmo, dótase economicamente a praza de Oficial da Policía Local xa que é intención do equipo de goberno levar a cabo a cobertura da mesma neste ano 2015 porque considérase necesario establecer un normal desenvolvemento das funcións do corpo neste ano con dous axentes e un oficial (sempre que se cumpran os requisitos de débeda e estabilidade orzamentaria previstos no artigo 21. uno do proxecto da Lei de orzamentos para o ano 2015).

Así mesmo recóllese unha partida para adquisición dun etilómetro e dun lector de chips, necesarios para o correcto desenvolvemento das funcións do corpo.

2. **Servizo de Protección Civil:** este grupo de programa que se incluía no orzamento 2014 e que contemplaba crédito para subvencionar á Agrupación de Protección Civil de Soutomaior, non se recolle no orzamento 2015. Isto sucede porque cando se requiran estes servizos (maiormente con motivo da festa da troita e da festa dos Dolores) vaise contratar cunha empresa a prestación dos mesmos e recolleuse o importe de 600,00 € na Área relativa a Festas populares e festexos.
3. **Urbanismo:** Se divide en tres áreas: Administración xeral de vivenda e urbanismo, onde se recollen as retribucións dos operarios de servizos, operario – condutor e oficial de servizos, gastos de conservación e mantemento, de ditos espazos públicos, arrendamento maquinaria, subministro de material diverso, en definitiva recóllese crédito para o mantemento dos bens dotacionais e outros de uso xeral e se mantén o importe global con respecto ao ano anterior.

Contéplase tamén actuacións referidas a adquisición/reposición de maquinaria ou utillaxe necesario para o desenvolvemento das labores do persoal de obras por un importe de 10.000,00 €, e 1.000,00 € coa finalidade de si se chega a un acordo coa Comunidade de Montes ao longo do ano, adquirir os terreos afectados polo Plan especial de dotacións aprobado no ano 2013 (no seu caso suplementaríase á partida polo importe necesario).

A segunda área, urbanismo: planeamento, xestión e execución e disciplina urbanística, que recolle as retribucións e custes sociais derivados do mantemento da praza de Aparellador Municipal, así como crédito para gastos de contratación de traballos realizados por empresas ou profesionais externos (coordinacións de seguridade e saúde, direccións de obra, redacción de proxectos, etc...).

Inclúese neste grupo de programa, crédito para a continuación dos traballos de

redacción do PXOM xa que de acordo coa última modificación do contrato de servizos de redacción levada a cabo no ano 2014, na anualidade 2015 corresponde levárala a cabo á aprobación inicial, financiándose con fondos da Xunta de Galicia maiormente, previstos no orzamento de ingresos e unha pequena aportación municipal polo cambio de tipo do IVE.

A terceira área, vías públicas, recolle os gastos de reparación de vías públicas levadas a cabo polos operarios municipais e as inversións en viais que se levarán a cabo no exercicio (inclúe o crédito desaparecido de 8.000,00 € en camiños vecinais), incluíndo a anualidade 2015 do Plan Marco (Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015) financiada pola Consellería de medio rural da Xunta de Galicia (previsto o ingreso no orzamento de ingresos) polo importe de 33.266,00 €.

- 4. Saneamento, abastecemento e distribución de augas:** contémplanse os custes salariais e sociais dos operarios de saneamento, gastos de reparación, mantemento e conservación da rede de abastecemento e saneamento, subministro de produtos químicos. En canto ao crédito para atender o gasto que deriva da contratación da empresa que se encarga do mantemento, reparación e conservación da Depuradora, solicitouse a Xunta por escrito no 2013 a asunción da mesma e así sucedeu estando pendente na actualidade a licitación do contrato pola Xunta, e se estima que estará rematada en xuño prevéndose crédito ata ese mes.

Inclúese tamén importe a subvencionar á Comunidade de Usuarios Val das Tablas, para colaborar no gasto que supón o subministro eléctrico para abastecer de auga ao Colexio da Reigosa nos mesmos termos que en exercicios anteriores.

Non se contempla neste ano o importe que se tería que abonar ao Concello de Pontevedra en base ao convenio de colaboración que se pretende asinar co mesmo, para o subministro de auga e alta no Polígono da Reigosa, así como para realizar o servizo de xestión de sumidoiros en dito parque empresarial, xa que de acordo co informado polos técnicos de ambos Concellos é necesaria unha modificación da Lei de Administración Local de Galicia para proceder á firma do Convenio e en todo caso xa non sería necesaria a aportación, polo cal, vaise demorar no tempo a sinatura (xa que é necesaria unha reforma lexislativa previa).

Prevese tamén un crédito para inversións de importe 30.000,00 € para levar a cabo diversas actuacións (aínda por concretar) nas infraestruturas de abastecemento e saneamento de auga do Concello, xa que se está pendente da existencia de subvencións nas que sería necesaria unha aportación municipal así como outras inversións necesarias ao longo do exercicio.

Indicar que en global redúcese notablemente o crédito global pola redución dos créditos para gastos correntes co motivo da baixa da depuradora e das inversións, cun balance global de descenso na totalidade do grupo de programa (200.923,23 €, fronte a 250.008,72 € no ano anterior).

- 5. Recollida, Eliminación e Tratamento de Residuos:** recóllense dous grupos de programas: Recollida de residuos e Tratamento de residuos, de acordo coa nova Orde de estrutura presupuestaria.

A primeira recolle o crédito necesario para atender ao gasto derivado do contrato de concesión de servizo, para a xestión indirecta do mesmo, tendo en conta os incrementos do prezo polas revisións de prezos previstas no contrato.

A segunda recolle o importe que estimativamente costará o tratamento e almacenamento de residuos (Sogama) no ano 2015, sendo inferior ao presupostado no 2014, xa que con data de 10/11/2014 a Sociedade galega de medio ambiente comunicou a este Concello o canon de 2015 sendo inferior en 8,20€/tonelada con respecto ao fixado dende marzo de 2014, pasando así de 82,10 €/tonelada a 73,90 €/tonelada.

Así mesmo recóllese a aprotación a realizar ao Concello de A Lama en virtude do Convenio para o mantemento da Planta de transferencia, xa que a aportación prevista neste Convenio aprobado polo Pleno en 2008 para Concello foi de 3.500,00 € anuais que ata o 2013 non foron desembolsados porque foron compensados polas contías pendentes de ingresar do Concello de A Lama polo mantemento do posto de asistente social. A contía que se recolle este ano é de 3.500,00 e da anualidade 2015.

- 6. Limpeza viaria:** recolle os créditos que se estiman necesarios para atender a gastos de vestiario do persoal que realiza tarefas de limpeza viaria, así como para atender a gastos de subministro do material necesario en importe igual ao do ano anterior (1.935,32 €).
- 7. Cemiterios e Servizos Funerarios:** recóllese o importe necesario para atender ao mantemento da aplicación informática para a levanza do cemiterio sendo inferior ao 2014 xa que agora non se inclúen os custos de implantación(1.980,00 fronte a 2.550,00 € do ano anterior)
- 8. Alumeado público:** neste grupo de programa contémplanse os gastos necesarios para atender ao subministro de enerxía eléctrica referente ao alumeado público, reducindo o crédito para os gastos de alumeado público deste ano, motivado pola instalación de reductores do consumo e intervalos de discriminación horaria así como que nos gastos deste ano incluíronse dous bimestres do ano anterior, o cal non se vai repetir neste exercizo porque se atopa recoñecido ata outubro de 2014. Ademais recóllese crédito para atender aos custes que se derivan dos servizos prestados por outras empresas en referencia ao mantemento e reparación do alumeado, e tamén son contemplados importes para atender a inversións destinadas a realización de proxectos de eficiencia enerxética, obras de mellora do alumeado público en xeral, obras por determinar. En xeral, redúcese a consignación orzamentaria con respecto ao ano anterior; 327.000,00 € fronte a 357.000,00 €, o ano anterior).
- 9. Parques e xardíns:** consígnase unha cuantía especificamente para pequenas reparacións e conservación, ao igual que o ano pasado, así como unha contía para gastos relativos á inversión en parques públicos (aínda por determinar, pendente da solicitude de subvencións).

ÁREA DE GASTO 2: ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL (325.954,98 fronte a 320.221,01 € o ano anterior)

Inclúense nesta área ou grupo todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión; pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atencións a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, minusválidos físicos e terceira idade; medidas de fomento do emprego. Contémpanse os seguintes grupos de programas no proxecto que se presenta:

- 1. Outras prestacións económicas a favor de empregados:** contémpanse os créditos necesarios para atender a compromisos adquiridos co persoal do Concello a través da negociación colectiva, ademais dos importes das cuotas sanitarias e gasto en medicamentos, de funcionarios que accederon á función pública antes do ano 1993, e que acordaron continuar coa asistencia médica privada.

A asistencia sanitaria levábase a cabo pola empresa Adeslas e no ano 2013 comunicáronse os novos importes de custo para as pólizas persoais para o ano 2014 sufrindo un importante incremento con respecto ao 2013 para o colectivo do Concello. Con motivo disto reuniuse a comisión de seguemento e interpretación do Convenio e Acordo regulador e acordouse co obxecto de supor unha mellora económica para o Concello e incluso para os traballadores a inclusión de cada traballador individualmente (non se inclúen os anteriores ao 93) no colectivo de funcionarios e así obter un aforro nos custes. De tódolos xeitos acordouse que o Concello manteña o colectivo anterior para aqueles traballadores (poucos) aos que lles beneficia, ademais dos que ingresaron antes do 93 e os que se pasen ao colectivo novo de funcionarios se lles seguirá aboando o 50% do custo.

Á vista do anterior no caso dos que ingresaron con anterioridade a 1993 incrementarase o custo e no caso dos demais reducirase en gran medida, polo que manterase os importes previstos no exercicio anterior.

- 2. Asistencia social primaria:** neste grupo de programa, recóllense os gastos derivados dos custes sociais e salariais, da traballadora social e educadora social tendo en conta os cumprimentos de trienios neste ano, gastos de colaboración en programas organizados pola Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra, aos que se adheriu o Concello (xantar na casa, balnearios e viaxes, teleasistencia), no mesmo importe que o exercicio anterior e incrementando en 4.500,00 o importe das subvencións para emerxencia social máis necesarias nestes tempos de crise económica, para dar cobertura a bens de primeira necesidade en moitas familias do Concello.

Inclúese coa nova Orde de estrutura presupuestaria tamén os custes derivados do mantemento do CIM, así como os derivados da contratación a asistencia psicolóxica e de asesoramento xurídico e Dirección (contía igual á do ano pasado; 30.692,40 €). Tamen se recolle crédito para a organización de cursos polo CIM cofinanciados por outras Administracións polo importe de 1.000,00 €.

Tamén se inclúe o crédito que se estima necesario para atender aos custes derivados dos servizos de axuda no fogar, tanto a persoas con grao de dependencia recoñecida, como a outras persoas que aínda sen ter dito grao recoñecido, son efectivamente dependentes, segundo informes dos servizos sociais, tendo en conta a previsión de horas e os prezos de adjudicación do novo contrato adjudicado o 30/12/2013 con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2014.

En xeral, consígnase 249.407,14 € fronte a 243.673,17 € do ano anterior.

- 3. Fomento do Emprego:** consígnase crédito en diferentes aplicacións orzamentarias que se refiren a custes derivados das retribucións e cotizacións á seguridade social correspondentes ao Axente Local de Emprego e Desenvolvemento. Tamén se recolle crédito para sufragar as retribucións por conta do Concello, correspondentes a conceptos retributivos do persoal laboral temporal, contratado ao abeiro de programas de Cooperación ou Plans de emprego da Deputación de Pontevedra, subvencionados na súa maior parte pola Comunidade Autónoma/Deputación, mantendo o importe con respecto ao ano anterior. Mantense o crédito para organización de cursos para a mellora da empleabilidade dos nosos veciños e veciñas que estean desempregados dado o entono de crise económica. Básicamente mantense o importe do crédito global consignado (49.947,84 € fronte a 49.479,90 €).

AREA DE GASTO 3: PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE **(428.874,36 € fronte a 415.141,14 no ano anterior)**

Comprende esta área ou grupo todos os gastos que realice a Entidade Local en relación coa sanidade, educación, cultura, co ocio e o tempo libre, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida. Consígnase crédito por importe levemente superior ao do ano anterior, derivado da inclusión de 10.000,00 € de inversión en centros culturais, así como se contemplan importes, por si fose necesario transferir, ao abeiro do establecido no convenio asinado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, para o mantemento da Escola Infantil. Os grupos de programas en que se desenrola esta política de gasto son as seguintes:

- 1. Protección da salubridade pública:** traballos realizados por outras empresas de recollida de animais no concello, desratizacións etc,. Tamén se recolle o importe que debe aportar o Concello pola adhesión ao servizo de recollida de cans da Deputación de Pontevedra. (6.800,00 € fronte a 6.300,00€)
- 2. Funcionamento de centros docentes de ensinanza infantil e primaria e educación:** contéplase crédito para a atención de gastos de conservación e mantemento de edificios nos que radican os colexios públicos, consígnase crédito para atender aos gastos que derivan da contratación do servizo de limpeza dos colexios, e de traballos de reparación realizados por terceiros, así como subvencións por pequenos importes aos dous colexios do concello (incrementábase a do Colexio da Reigosa), para a realización de actividades extraescolares e complementarias (incrementábase a contía: 71.826,40 € fronte a 71.126,40 €).
- 3. Servizos complementarios de educación:** consígnase crédito en diferentes aplicacións orzamentaria, que se corresponden con subvencións nominativas ás ANPAS, que organizan actividades extraescolares, así como ao I.E.S.Ponte Caldelas, mantéñense as contías que no ano anterior salvo no caso da Anpa do colexio de A Reigosa que se reduce (incrementándose a do Colexio de A Reigosa).

Tamén se inclúen neste grupo de programa os gastos que derivan da contratación do servizo de Ludoteca prestado por terceiros así como para o mantemento das instalacións, adquisición de material de ensino, así como do subministro de material

de alimentación e educativo e subministro de calefacción, e consígnase crédito por importe de 10.000 € para o suposto de que unha vez xustificadas gastos, ao abeiro do establecido no convenio asinado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar derive importe algún a transferir. Reduciuse levemente o importe (consígnase crédito por importe de 82.000,00 € fronte a 83.000,00 € consignados o ano anterior).

4. **Administración Xeral de Cultura:** consígnase neste grupo de programa, os créditos necesarios para atender aos custes salariais e sociais do Informador Xuvenil e Coordinador Socio - Cultural, encargado da planificación e tramitación administrativa relacionada con este tipo de gasto.
5. **Bibliotecas e Arquivos:** neste grupo de programa consígnase crédito para atención de custes salariais e sociais da encargada da biblioteca, para os gastos de subministro de material e libros, revistas e periódicos para a biblioteca, así como se inclúen como xa se fixo no ano anterior aplicacións orzamentarias referidas a gastos de material de oficina, subministro de produtos de limpeza e subministro de material informático non inventariable e de combustible para a calefacción (mantense o importe do ano anterior).
6. **Promoción Cultural:** contéplase crédito para gastos de publicidade e propaganda de actividades culturais, así como crédito necesario para levar a cabo o Plan Cultural 2015, no mesmo importe que o ano anterior. Recóllense inversións en equipamentos para centros culturais (41.500,00 fronte a 34.500,00 € o ano pasado).
7. **Arqueoloxía e Protección do Patrimonio Histórico - Artístico; Área Arqueolóxica de Tourón:** recóllense gastos salariais da praza ocupada mediante contrato laboral temporal de interinidade do posto Dinamizadora Cultural, así como crédito para atender ao custe de traballos de limpeza e mantemento de dita área.
8. **Festas Populares e Festexos:** recóllese o crédito necesario para a atención de gastos de promoción das nosas festas, mediante publicidade e propaganda, custes de contratación de orquestras, premios para concursos que se organizan anualmente e outros gastos diversos derivados das mesmas. Incrementase levemente o importe consignado inicialmente no orzamento do ano anterior (86.100 € fronte a 86.700,00 €), pola inclusión dos gastos dos servizos prestados de protección civil nas festas da troita e dos dolores.
9. **Promoción e fomento do Deporte:** consígnase crédito para a organización de actividades deportivas así como para subvencionar a diferentes entidades sen ánimo de lucro, pola labor que realizan no Concello de promoción do Deporte; increméntase levemente o importe pola inclusión dunha nova subvención ao Fútbol Sala de Ponte Caldelas e o incremento da dotación económica do programa Ponte en movemento (de 5.500,00 € a 8.000,00€).
10. **Instalacións deportivas:** consígnase unha pequena cantía para o mantemento e conservación das instalacións deportivas, levemente superior á do ano anterior (5.000,00€ fronte a 2.500,00 €).

ÁREA DE GASTO 4: ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO (12.687,00 € fronte a 21.937,00 €)

Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que tenden a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica.

Fanse constar os seguintes grupos de programas:

1. **Desenrolo Rural**; recóllese crédito para atender a Aportación do Programa Leader; GDR Pontevedra Morrazo para este ano 2015, contía idéntica a do ano anterior.
2. **Comercio**: mantense o crédito necesario para proceder a subvencionar á Asociación de Comerciantes de Ponte Caldelas, para a organización de feiras (9.000,00 € igual que o ano anterior).
3. **Ordenación e promoción turística**; xa non se recolle o crédito para o mantemento dos gastos da Beca de turismo porque dende 2013 son contratados/as dende a Deputación de Pontevedra. Non se consigna o crédito para a aportación correspondente á Mancomunidade Terras de Pontevedra neste grupo de programa xa que pasa ao 943 coa nova Orde de estrutura presupuestaria. Mantense o importe para publicidade e propaganda xa que non se vai solicitar subvención para folletos turísticos pero si se levará a cabo algunha actuación de guía turístico. A contía do crédito consignado para este grupo de política é igual ao consignado no ano anterior (2.000,00 € fronte a 2.000,00 €).

ÁREA DE GASTO 9: ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL (856.619,82 € fronte a 786.059,33 € o ano anterior)

Inclúense nesta área os gastos relativos a actividades que afecten, con carácter xeral, á entidade local, e que consistan no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo e de soporte lóxico e técnico a toda a organización.

Recollerá os gastos xerais da Entidade, que non poidan ser imputados nin aplicados directamente a outra área das previstas nesta clasificación por programas. Inclúense nesta área as transferencias de carácter xeral que non poidan ser aplicadas a ningún outro epígrafe desta clasificación por programas, xa que no caso contrario serían imputados na política de gasto específica, que corresponda.

Diferéncianse os seguintes grupos de programas no proxecto que se presenta:

1. **Órganos de Goberno**: consígnanse os importes derivados dos custes salariais e sociais do cargo electivo con dedicación exclusiva (o Alcalde), e do persoal eventual de Alcaldía.

No caso da dedicación exclusiva da Alcaldía, no artigo 75 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local e na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014 na súa redacción dada polo RDL 1/2014, de 24 de xaneiro, de reforma en materia de infraestruturas e transporte, e outras medidas económicas, fixouse un límite de 45.000,00 € brutos anuais para os municipios con poboación entre 5.001 e 10.000 habitantes como é Ponte Caldelas pero na Disposición transitoria 10 recolleuse a posibilidade de non aplicar ditas limitacións ata o 30 de xuño de 2015 no caso de cumprirse os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda

pública e o período medio de pago non exceda de 30 días do prazo máximo previsto na normativa de morosidade. A pesar de cumprir cos requisitos e poder deixar pendente de aplicación ata as eleccións a limitación retributiva, continúaase coa redución do importe da dedicación exclusiva manténdose no importe de 45.000,00 € brutos anuais de acordo co estipulado na normativa sinalada.

En canto ao persoal eventual de Alcaldía cúmprese coa limitación do artigo 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que establece un máximo de 1 persoal eventual nos Concellos con poboación entre 5000 e 10000 habitantes como é Ponte Caldelas.

Tamén se consignan importes para atencións protocolarias, dietas e gastos de locomoción, importes de indemnizacións para asistencia e transferencias para os grupos municipais na mesma contía que o ano anterior. O importe total consignado no grupo de programa, é levemente superior polo axuste dos gastos de seguridade social ao do ano pasado, (crédito de 133.005,00€ fronte a 132.775,00€ o ano anterior).

- 2. Administración xeral:** consígnanse os importes derivados das retribucións do persoal funcionario e laboral de administración xeral e custes sociais (non se consignado xa crédito para atender os custes de persoal da praza vacante de auxiliar administrativo), consígnase crédito para gastos de teléfono, e correos, seguro colectivo de accidentes, material de oficina (tratando de axustar ao máximos os gastos desta natureza), primas de seguro de responsabilidade, civil, publicidade e propaganda, publicacións en diarios oficiais, gastos xurídicos, gastos para sufragar traballos realizados por terceiros en materia de aluguer de fotocopiadoras, aplicacións informáticas, equipos, xestión de nóminas, seguros sociais, prevención de riscos, gastos en talleres por reparación vehículos, locomoción persoal e dietas, gastos relacionados co parque móbil; seguro de vehículos, combustible, subministro eléctrico edificios públicos, material para a limpeza de ditos edificios.

Tamén se contemplan como inversión a adquisición de equipos para proceso de información (Fax, impresoras, ordenadores, etc...) e maquinaria afecta a prestación de servizos diversos, aumentándose o importe das inversións neste programa, con respecto ao presupostado o ano anterior. O crédito total consignado no programa redúcese moi levemente por que se trata de controlar o gasto corrente (400.206,22 €, fronte a 405.818,50 € o ano anterior).

- 3. Coordinación e Organización Institucional das Entidade Locais:** consígnanse as cuantías necesarias para asumir as cuotas que corresponde abonar á FEMP e FEGAMP, en importe levemente inferior a do ano anterior pola baixa nas entidades de Rede española de Cidades polo Clima e Rede de gobernos locais+biodiversidade.
- 4. Participación Cidadán:** consígnase importe para subvencionar á Asociación de Veciños de Xustáns para colaborar nos gastos de mantemento da casa do Pobo, por estar alí ubicada unha escola unitaria, no mesmo importe que no ano anterior (2.500 €). Como novidade tamén se consigan crédito para diversas comunidades de montes para reparacións e reformas na casa do pobo, así contemplase unha subvención para a Comunidade de Montes de Paradela polo importe de 21.000,00 €, outra para a Comunidade de Montes de Rebordelo polo importe de 2.000,00 €, outra para a

Comunidade de Montes de Vilarchán polo importe de 6.700,00 €, outra para a Comunidade de Montes de Barbudo polo importe de 10.000,00€ e outra para a Comunidade de Montes de Buchbade polo importe de 15.000,00 €.(57.200,00 € fronte a 2.500,00 o ano anterior).

5. **Imprevistos e funcións non clasificadas:** consígnase crédito para atender a gastos derivados de responsabilidade patrimonial, que corresponde sufragar ao Concello (franquicia do seguro de responsabilidade), ou supostos en que non se dea cobertura. Consígnase o mesmo importe que o ano anterior.(3.000,00 € fronte a 3.000,00 € no ano anterior).
6. **Política Económica e Fiscal:** consígnanse as contías correspondentes ás retribucións e custes sociais que derivan do mantemento do posto de Interventor (incrementadas no importe dos trienios recoñecidos) , así como para atender aos custes que derivan da contratación de empresas para a xestión contable e tramitación fiscal.O importe resulta en global superior lixeiramente ao do ano pasado, polo incremento dos trienios (77.047,60 € fronte a 77.034,35 €)
7. **Xestión do Sistema Tributario:** contéplanse os custes que se derivarán do pago da taxa polos traballos efectuados polo ORAL referidos a xestión tributaria e recadatoria de impostos e taxas. Indicar que se consigna crédito para dar cobertura económica ao contrato asinado polo Concello coa Empresa Aquagest para a colaboración na recadación da taxa da auga e sumidoiros, en consecuencia a consignación orzamentaria é lixeiramente inferior a do ano anterior polo descenso nos traballos de recadación do Oral tendo en conta o gastado no ano 2014; (111.780,00 € fronte a 111.780,00 € no ano anterior).
8. **Xestión do Patrimonio Municipal:** consígnase crédito para a atención de gastos de reparación, mantemento e conservación dos edificios públicos e as súas instalacións. Así mesmo recóllese un importe de 20.000,00 € para inversión en edificios aun por determinar dependendo das subvencións concedidas no exercicio co obxecto de cofinanciar o gasto. Consígnase crédito por importe de 35.500 € fronte a 15.500,00 do ano anterior.
9. **Xestión da débeda e Tesourería:** consígnase crédito para atender aos custes salariais e sociais (estes últimos incrementanse polo recoñecemento dun trienio) derivados da praza de Administrativa Tesoureira, e consígnase crédito para atender a outros gastos financeiros (comisións de mantemento de entidades financeiras, que é necesario imputar ao orzamento, pese a que se lles ten reclamado a súa devolución, existindo predisposición para elo). Consígnase crédito por importe levemente superior en consecuencia; de 36.931,00 € fronte a 36.671,48 € o ano pasado.
10. **Transferencias a outras administracións públicas:** consígnase a cota da Mancomunidade Terras de Pontevedra para o ano 2015.

ÁREA DE GASTO 0: DÉBEDA PÚBLICA (162.793,02 € fronte a 182.545,29 € consignados o ano anterior)

Comprende os gastos de intereses e amortización da Débeda Pública.Imputaranse a esta área os gastos destinados a atender a carga financeira da entidade local, amortización e

intereses, derivados das operacións de crédito concertadas con entidades financeiras, e dos anticipos reintegrables concedidos pola Deputación de Pontevedra.

Indicar que a operación que se propón que se formalice este ano (141.500,00 €), tratarase que sexa coa Caixa de Anticipos da Deputación, xa que non derivan custes de intereses, e as amortizacións da débeda comezan no ano seguinte (1 ano de carencia). De non ser posible tramitarase expediente para concertar unha operación de crédito con entidades do sector privado, garantindo a concorrencia, e establecerase como condición, carencia de amortización o primeiro ano, entre tanto o crédito se vai dispoñendo gradualmente.

Á vista dos datos da liquidación do exercicio 2013 (a última aprobada) cúmprese cos requisitos establecidos no artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, RDL 2/2004, de 5 de marzo, así como na Disposición final 31 da Lei de orzamentos para o ano 2014, isto é Aforro neto positivo e o volume total do capital vivo non exceda do 75 % dos ingreso correntes liquidados.

Sinalar que si de acordo co artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, é posible (igual que sucedeu no exercicio 2014) destinar parte do Remanente de Tesourería para gastos xerais para financiar inversións, non se acudiría ao préstamo coa caixa de anticipos ou se acudiría nun importe inferior.

Así mesmo establécese unha previsión de gasto en concepto de amortización e intereses segundo o sinalado no anexo do estado da débeda, de acordo co comunicado coas entidades financeiras.

ESTADO DE INGRESOS

Antes de proceder a explicar como se procede a estimar os ingresos que se prevé percibir durante o ano 2015, indicar que nos baseamos principalmente na execución do orzamento de ingresos do ano anterior (remito ao estado de execución do orzamento de ingresos do ano 2014, que forma parta da documentación anexa a este orzamento). Téñense en conta tamén comunicacións dos importes recadados en 2014 e das estimacións dos padróns a aprobar polo ORAL neste ano 2015, e informes dos distintos servizos, que acreditan a posibilidade de acadar determinados ingresos.

CAPÍTULO I: IMPOSTOS DIRECTOS.(971.373,97 € fronte a 968.598,79 € o ano anterior.)

No referente ás cantidade consignadas como estimacións de ingresos a percibir en concepto de impostos directos, indicar que se tivo en conta o seguinte; en relación ao IBI, primeiramente indicar que dado que as ponencias de valores aprobadas como consecuencia do procedemento de valoración colectiva de carácter xeral efectuada neste Concello correspóndense co ano 2007. Indicar que do establecido no RDL 2/2004 de 5 de marzo, en concreto no seu artigo 67, no que se refire á redución na base imponible, dérivase que neste oitavo ano de aplicación dos novos valores catastrais á redución que se aplica para a determinación do importe da base liquidable é inferior en un 0.1 da do ano anterior.

Dende o Oral non se procedeu a emitir informe porque neste momento do ano aínda non teñen o importe do Padrón pero en comunicación con eles indican que a recadación do Padrón do IBI urbana manterase similar ao ano 2014 cos incrementos producidos polas altas de novos bens polo tanto partindo dun incremento da recadación neste concepto nunha porcentaxe do 87% (xa que esta é a porcentaxe de recadación do Padrón de IBI urbana, en voluntaria no ano 2013), recóllese o importe efectivamente recadado no ano anterior cos previsibles incrementos, e así de maneira prudente se consignan as estimacións de ingresos para este ano 2015, en referencia ao IBI rústico increméntase tendo en conta os importes efectivamente recadados en 2013 e tendo en conta un porcentaxe de recadación do 86% e en canto aos de características especiais, estímase un importe a ingresar idéntico ao da recadación no ano anterior.

En referencia ao IVTM, indicar que tamén se ten en conta para establecer as estimacións de ingresos por este concepto, os datos da recadación do ano anterior en voluntaria, e as contías recadadas en executiva segundo os estados de execución do orzamento do ano 2013 e o comunicado polo ORAL. Como non se ten constancia do incremento do Padrón e polo principio de prudencia prevese un importe similar ao efectivamente recadado en 2013, sen ter en conta a previsión da inclusión de novos vehículos no Padrón afectos a actividades económicas radicadas no polígono da Reigosa.

E en referencia ao Imposto de Actividades Económicas, indicar que dado o asentamento no Polígono Industrial de empresas, espérase incluso un incremento dos importes recadados, xa que existen empresas de grande envergadura, que non estarían exentas do pago deste tributo, que iniciaron a súa actividade no parque empresarial, pero como non se conta con datos que garantan este incremento (nin do ORAL, nin da delegación territorial de Facenda, no caso de tributar por cotas nacionais ou provincias), polo tanto procédese a consignar como previsións de, ingresos, os importes efectivamente recadados no ano 2014 tendo en conta que a porcentaxe de recadación é do 99,46%.

CAPÍTULO II: IMPOSTOS INDIRECTOS (100.000,00 €, fronte a 100.000 €).

Igual que no anterior, consígnase a cantidade que se prevé ingresar segundo a recadación obtida no exercicio anterior, e tendo ademais en conta que se atopa presentada, xa no ano 2014, solicitude de licenza para a construción dunha nave no polígono da Reigosa, da que se derivará un importe de ICIO que ronda os 60.000€ e procederase a outorgar neste ano, polo que tendo en conta os importes ingresados por obras máis pequenas nos últimos anos, se estima alcancemos dito importe, como así sucedeu no exercicio 2014.

CAPÍTULO III: TAXAS E OUTROS INGRESOS (573.205,88 € fronte a 571.956,51 €)

Débase indicar primeiramente que no exercicio 2012, asumíuse a xestión da taxa de abastecemento de auga e sumidoiro revocándose a delegación que se tiña feito ao ORAL, (que recadou no ano 2012 os Padróns do exercicio 2011), e a empresa contratada para a colaboración na xestión de ambas taxas, xa iniciou no ano 2012 os traballos de lectura de contadores. Por dita empresa emitíuse informe sobre as estimacións de ingresos por estas taxas e pola de depuración baseado nos consumos reais constatados no ano 2013 tendo en conta as porcentaxes reais de recadación (83%) estimándose como ingresos os importes por eles constatados e que se verifican co ingresado ata este momento no exercicio 2014.

En canto, a taxa pola recollida do lixo prevese un importe inferior tendo en conta o

Padrón 2015 e as contías recadas en 2014.

Prevese tamén pequenos incrementos e rebaixas en outros conceptos de ingresos que se derivan de comprobar o estado de execución do orzamento correspondente ao ano 2013 e 2014 e tendo en conta as recadacións ata este momento do ano.

Mantéñense os importes a recoñecer por sancións en materia de tráfico, xa que seleccionado persoal para o corpo de policía e procedéndose a efectuar delegación de competencias do Concello, a favor do ORAL, para exercer facultades de colaboración na tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico e exercicio directo de facultades de recadación en período voluntario e executivo das débedas correspondentes a sancións por infraccións á normativa xeral reguladora do tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, xa se teñen iniciado expedientes sancionadores, que derivarán ingresos para o Concello. Indicar que aínda que o fin principal das actuacións de regulación do tráfico no casco urbano, non son recadatorias, si que é verdade que as veces é necesario poñer sancións para educar aos nosos veciños e veciñas, de maneira que sempre sexa protexido o interese xeral da comunidade, e se erradiquen usos abusivos dos espazos.

CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES (1.364.791,09 € fronte a 1.352.541,09 € o ano anterior).

Contempla as transferencias correntes das distintas Administracións Públicas. Mantense o importe que se prevé ingresar en concepto de participación nos tributos do Estado xa que a Liquidación dos tributos do ano 2012 arroxou un resultado negativo por importe de -148.723,26 € motivado pola diferenza de cálculo nos anticipos mensuais e na liquidación definitiva, provocando en consecuencia a necesidade de reintegrar ese importe trimestralmente neste exercicio e parte do seguinte.

Ademais continúaase neste exercicio cos importes pendentes a devolver das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009, que serán devoltos en 240 anualidades (contabilizándose polo tanto como devolucións de ingresos indebidos, restando do importe establecido neste ano como anticipo a conta).

Para Servizos Sociais de Base (plan concertado), estímase unha cantidade superior ao ano pasado, en concreto os importes indicados pola traballadora social como garantidos (95.013,00 €), porque se teñen suprimido as axudas para a prestación básica de axuda no fogar, e para o mantemento da praza de Educadora Social, pero indicar que as axudas para o mantemento de dita praza e servizo de axuda no fogar prestación básica, serán prestadas polas Deputacións, polo tanto consígnanse importes e estimacións de subvencións a recibir dende a Deputación para estes fins (por un total de 34.846,02).

Consígnase tamén os importes das subvencións recibidas para o mantemento do servizo de CIM, en contías similares as do ano anterior (23.396,00 €), consígnase importe tamén para a realización do Plan de acción municipal-sección actividades, por un importe de 13.000,00 €. Tamén se contempla o financiamento do programa para o Técnico Local de Emprego/ Axente de emprego e desenvolvemento Local por importe de 11.077,00 €, así como o importe a transferir pola Xunta, ao abeiro de convenio asinado para que o Concello faga fronte aos custes de mantemento do Xulgado de Paz (3.000,00) e para a praza de informador xuvenil (2.500,00 €).

CAPÍTULO V: INGRESOS PATRIMONIAIS (3.548,80 fronte a 3.548,80 €).

Contémplase os intereses de fondos municipais, tendo en conta as posibilidades de rentabilizar os excedentes de liquidez , estímense iguais aos do ano anterior.

CAPÍTULO VII: TRASNFERENCIAS DE CAPITAL (50.961,76 € fronte a 49.314,73).

Son consignadas as cantidade que se explicitan no anexo de inversión, para a execución das obras/inversións indicadas no mesmo documento. As transferencias concedidas pola Xunta, van destinadas para o PXOM (17.695,76) así como para a execución do Plan Marco (33.266,00). Aínda que indicar que existen outras que se prevé solicitar, e das que se espera recibir resposta en breve.

CAPÍTULO IX: PASIVOS FINANCEIROS (141.500,00 € fronte a 141.000,00 €).

Consígnanse a cantidade indicada, correspondente ao importe no que o Concello se ten previsto endebedar neste ano 2015, para poder executar as inversións contempladas no anexo de inversións,.

Á vista dos datos da liquidación do exercicio 2013 (última aprobada) cúmprese cos requisitos establecidos no artigo 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, RDL 2/2004, de 5 de marzo, así como na Disposición final 31 da Lei de orzamentos para o ano 2014, esto é Aforro neto positivo e o volume total do capital vivo non exceda do 75 % dos ingreso correntes liquidados.

Se é posible acudirase aos anticipos reintegrables que concede a Caixa de Anticipos de Cooperación, para evitar máis costes financeiros.

Sinalar que si de acordo co artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, é posible (igual que sucedeu no exercicio 2014) destinar parte do Remanente de Tesourería para gastos xerais para financiar inversións, non se acudiría ao préstamo coa caixa de anticipos ou se acudiría nun importe inferior.

Por todo o exposto,

Propoño ao Pleno a adopción do acordo aprobatorio do Orzamento Municipal cunha consignación, tanto en Ingresos como en Gastos de 3.215.381,50 € segundo o modelo que figura como anexo.

Ponte Caldelas, 11 de decembro de 2014.

O Alcalde,

Asdo. Perfecto Rodríguez Muíños